



Estimadas familias:

Comunicámosvos que o día 30 de setembro de 2022 inauguraremos as actividades deste curso no Centro Xuvenil Ateibo cunha xornada de **PORTAS ABERTAS e MINIACAMPADA NO COLEXIO!**

Gustaríanos que todos os nenos/as e rapaces/as dende 1º de E. Primaria ata 2º da E.S.O. participasen, xa que será un momento de convivencia e diversión no que poidan coñecernos e saber máis de quen somos e que facemos.

O horario xeral da actividade será o seguinte:

ACTIVIDADE ABERTA: Venres, 30 de setembro, **de 17:00 a 19:30 h** (quen non teña entregada inscrición nas actividades de Ateibo deberá deixar un teléfono de contacto na entrada).

MINIACAMPADA: Do venres ás 19:30 h ata o sábado, 1 de outubro, ás 11:00 h (necesario cubrir a inscrición que achegamos e entregala ata o xoves 29 de setembro)

○ **Cousas necesarias para a acampada:**

- Cea para o venres (o almorzo do sábado poñémolo dende o Centro Xuvenil. Se alguén ten algunha alerxia ou intolerancia alimentaria deberá indicalo na inscrición).
- Roupa e saco de durmir (Se alguén non ten, podedes pedilo en Ateibo, sinalándoo na inscrición.)
- Útiles de aseo e muda para o sábado.

***O día 7 de outubro comezará a actividade habitual dos/as Saltimbanquis, Andaina e ADS no horario ordinario, de 16:30 a 18:30 h.**

En Lugo, a 26 de setembro de 2022

O equipo de animadores de Ateibo

Ficha de Autorización para a miniacampada

Eu, D./D^a. _____ como pai/nai/titor/titora de _____ q
que ten _____ anos e está en _____ (curso), autorízo/a a participar na MINIACAMPADA DE PORTAS ABERTAS que terá lugar no Centro Xuvenil Ateibo os días 30 de setembro e 1 de outubro de 2022.

sí **non** (marcar o que proceda) autorizo á Asociación Cultural e Xuvenil Ateibo para a toma da imaxe e/ou gravación de vídeo do/a neno/a e a súa posterior difusión e publicación en memorias de Proxectos, edicións de revistas, documentos de sensibilización, páxinas web e/ou redes sociais establecidas para o efecto coa finalidade de divulgar as distintas actividades e servizos postos en marcha pola Asociación. Para que conste, lendo o redactado anteriormente e dando o meu total consentimento asino a presente a data de hoxe.

Teléfono/s de contacto: _____

Necesita que lle prestemos saco de durmir? SÍ NON

OBSERVACIÓNS (aspectos a ter en conta para o desenvolvemento da acampada como alerxias ou intolerancias alimentarias, medicacións...):

.....
.....
.....
.....

Sinatura do pai, nai ou titor/a _____ Lugo, _____ de setembro de 2022